

6.- Avaliación

6.1.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

Durante os primeiros días de curso, o profesor valorará mediante a observación atenta na clase e co emprego de probas orais ou escritas a situación de partida de cada alumno/a, tratando sobre todo de detectar ao alumnado que pode ter problemas para tratar de tomar as medidas oportunas o antes posible.

As familias que o desexen, serán informadas desta avaliación a través das titorías ou nas horas asignadas no horario de cada profesor para atención a pais.

6.2.- ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (2º DE BACHARELATO, SE PROCEDE)

Tal e como sinala o DOGA, na Orde do 24 de xuño de 2008, existen materias de modalidade que precisan de coñecementos previos para poder ser cursadas satisfactoriamente. Estes coñecementos xustificaranse, ben cursando as materias que corresponda, ben acreditando os coñecementos necesarios mediante o procedemento que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para matricularse e cursar as materias seguintes:

- Ciencias da Terra e Ambientais precisa de Bioloxía e Xeoloxía de 1º.
- Bioloxía de 2º precisa de Bioloxía e Xeoloxía de 1º.

Polo tanto, no caso de que haxa alumnado que se matricule nalgunha destas materias sen ter cursado a Bioloxía e Xeoloxía de 1º bach, deberá pasar un exame de toda a materia ó principio de curso para acreditar que dispón dos coñecementos previos necesarios ou ben cursar a materia como se fora unha pendente ó longo do curso.

O departamento poderá escoller algúns temas de entre todo o temario de 1º que considere fundamentais por ser punto de partida para as materias de 2º Bacharelato.

6.3.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

6.3.1.- CRITERIOS XERAIS

Non só debemos avaliar o que o alumnado sabe, senón tamén o que é capaz de facer, é dicir, as destrezas que pode desenvolver e o grao de consecución dos obxectivos iniciais da programación. Todo isto estará en función das actividades realizadas na clase e destinadas a estimular o desenvolvemento da súa capacidade de aprendizaxe e de conceptualización. Nunha palabra, a avaliación debe ser un proceso, unha suma de progresos.

Para a avaliación, teranse en conta os seguintes criterios ademáis dos xa expostos en cada tema:

- **PARTICIPACIÓN NA AULA:** Fai preguntas coherentes? Ten iniciativa? É participativo? Expón ideas de xeito ordeado? Ten facilidade para a interpretación de datos?n É capaz de aplicar o aprendido a novas situacións? Expresión oral.
- **TRABALLO / ESFORZO:** En grupo // Individual // Debates // Experiencias // Investigación // Exposicións orais // Debuxos ou ilustracións // Exercicios e actividades escritas // Estudo dos contidos
- **CADERNO DE AULA na ESO:** fidelidade ó exposto // está ó día? ordeado? // limpeza// Amplía información? // Fai esquemas, gráficos etc?// Expresión e Ortografía. Ademais: Debe ser soamente para a materia de Ciencias da Natureza ou Bioloxía e Xeoloxía, tamaño folio. Atoparanse coidados e non posuirán debuxos ou anotacións sen relación coa materia. Os exercicios corrixíranse sempre na clase e polo propio alumno/a no caderno, que estará en todo momento a disposición do profesor/a.
- **PROBA ESCRITAS (EXAMES):** Faranse como mínimo dúas por avaliación e nelas teranse en conta:
 - Contidos conceptuais adquiridoS
 - Capacidade de razoamento e argumentación
 - Aplicación do aprendido
 - Dominio dos procedementos traballados na clase
 - Orde e coherencia
 - Expresión e ortografía, *claridade e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 0,5 puntos como máximo por este concepto.*
 - A cualificación de calquera proba escrita darase cun número entre 0 e 10.
- **TRABALLOS FEITOS NA CASA:** Presentaranse sempre no prazo establecido. NON SE RECOLLERÁN FÓRA DE PRAZO, agás se o alumno estivese enfermo ou non asistise á clase ese día por circunstancias xustificables
- **VALORACIÓN DAS ACTITUDES:** terase en conta a actitude do alumnado e avaliarase negativamente cando amose opinións ou feitos contrarios ós valores que trata de fomentar a materia: respecto, tolerancia, convivencia, diálogo, paz, comportamento axeitado, cooperación ...

6.3.2.- AVALIACIÓN PARCIAIS

INSTRUMENTO	PROCEDEMENTO
Probas escritas	<p>Faranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación (en función do curso de que se trate). Cada proba incluírá preguntas escollidas entre as seguintes preguntas tipo, tendo en conta cales se adecúan máis aos contidos a avaliar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Preguntas tipo tema ▪ Definicións ▪ Preguntas de Verdadeiro/Falso e razoar a resposta ▪ Cuestións breves ▪ Preguntas de diferenzas e semellanzas ▪ Interpretación ou elaboración de debuxos, figuras, gráficos, esquemas... ▪ Preguntas de relacionar con frechas columnas de termos <p>O tempo de realización será de 50 minutos, no caso dos alumnos da ESO. No caso dos alumnos de Bacharelato, se fose necesario, poderíase aproveitar o tempo do recreo ou ben realizar os exames en horario de tarde.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorarase a orde, claridade, limpeza e ortografía coa que está realizado o exame, podendo restarse 0,5 puntos como máximo por este concepto - Poderase responder en galego ou castelán, pero nunca mesturalos - Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios <p>A cualificación de cada unha das probas darase cun número de 0 a 10, e unha cualificación por debaixo de 4 nunha proba, pode ser motivo de cualificación negativa no trimestre.</p>
Traballos en grupo	Para a súa avaliación terase en conta: a calidade dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición.
Traballos individuais	Para a súa avaliación terase en conta: a calidade dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica.
Traballo na aula:	Para a súa avaliación terase en conta: a realización das tarefas, a presentación do caderno, as preguntas que se formulan, a participación, a atención.
Actitude e comportamento	Valoraranse positivamente a asistencia, a puntualidade, a atención e o respecto ás normas da clase, ao profesorado e aos compañeiros/as

A obtención da cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

- A cualificación numérica obtida da media das probas escritas realizadas suporá o **90%** na cualificación da avaliación parcial.
- A correcta realización de todo tipo de actividades encargadas ao longo do trimestre, tanto na clase como na casa, a colaboración no desenvolvemento das clases, a participación, a voluntariedade e a actitude do alumno na aula. Este apartado poderá supor o **10%** na cualificación da avaliación parcial. Cada alumno ou alumna poderá acadar **1 punto** neste apartado.
- Dado que **1º ESO** é un curso de transición entre Primaria e Secundaria, parécenos fundamental que adquiran hábitos de traballo diario. Por este motivo, a presentación do caderno da materia completo será condición indispensable para superar a materia en cada unha das avaliacións. Para facilitar a superación da materia, seguiremos un sistema de avaliación moito máis continuado, con probas escritas frecuentes e de recuperación periódicas ao final de cada tema ou avaliación.
- Na materia de **Cultura Científica**, as porcentaxes poden variar tendo máis peso os traballos presentados polo alumnado en detrimento dos exames.
- No caso de alumnado de **PMAR**, a porcentaxe asignada ó traballo na aula tamén pode verse aumentado ata un 30 ou 40%, sempre que o profesor/a o considere necesario, en detrimento da porcentaxe dos exames.

A incomparecenza non xustificada a un exame é motivo de suspenso no trimestre. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor/a poderá establecer outra data para facelo ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno/a ata ese momento.

O feito de atopar a un alumno copiando ou con material para facelo durante a realización dunha proba, poderá supor o suspenso dese exame e incluso o suspenso na avaliación de que se trate.

Recuperación dunha avaliación parcial:

A decisión sobre o número de probas de recuperación por avaliación quedará a criterio do profesor correspondente en función da marcha do curso. En calquera caso, haberá como mínimo unha proba de recuperación por avaliación, con características similares á proba escrita ordinaria.

6.3.3.- AVALIACIÓN FINAL

ALUMNADO CUNHA CUALIFICACIÓN MEDIA POSITIVA NAS TRES AVALIACIÓNS PARCIAIS

Para obter unha cualificación media positiva deberánse superar as tres avaliacións parciais ou ben, no caso de non ter superada algunha, ter unha media de 5 e unha cualificación igual ou superior a 4 na/s avaliación/s non superada/s. Tendo en conta que a cualificación non pode levar decimais, farase un redondeo ao número enteiro superior ou inferior, segundo proceda.

Para o período de tempo comprendido entre o 6 de xuño (final da terceira avaliación) e o 22 de xuño (final do curso e avaliación final) propoñemos o seguinte plan de traballo:

- Alumnado de 1º e 3º ESO: realización de actividades de ampliación mediante pequenos traballos monográficos (Power Point ou Impress) ou proxectos de laboratorio, e exposición dos mesmos. **A realización destas actividades de forma correcta, seguindo as indicacións do profesorado, acompañado dunha actitude positiva ante a materia e de respecto ante o resto do alumnado e profesorado, poderá incrementar en medio punto (0,5) a cualificación media das tres avaliacións parciais.**
- Alumnado 4º ESO: traballaranse os problemas de Xenética mendeliana coa finalidade de rematar o temario.
- Alumnado de 1º BAC: traballaranse os contidos de Xeoloxía coa finalidade de rematar o temario.

ALUMNADO CUNHA CUALIFICACIÓN MEDIA NEGATIVA NAS TRES AVALIACIÓNS PARCIAIS

Para obter unha cualificación media positiva deberánse superar as tres avaliacións parciais ou ben, no caso de non ter superada algunha, ter unha media de 5 e unha cualificación igual ou superior a 4 na/s avaliación/s non superada/s. Tendo en conta que a cualificación non pode levar decimais, farase un redondeo ao número enteiro superior ou inferior, segundo proceda.

Para o período de tempo comprendido entre o 6 de xuño (final da terceira avaliación) e o 22 de xuño (final do curso e avaliación final) propoñemos o seguinte plan de traballo:

- 1º ESO:
 - o Boletín de actividades de reforzo para traballar contidos mínimos. Haberá un boletín correspondente a cada unha das tres avaliacións parciais. 30%
 - o Completar cadernos. 10%
 - o Proba escrita final. 60%
- 3º ESO, 4º ESO e 1º BAC

- Entrega, a través de **edixgal ou da aula virtual**, de actividades relacionadas cos contidos que é necesario reforzar e recuperar. Poderá tratarse de novas actividades ou ben daquelas xa propostas ao longo do curso que o alumnado non entregou no seu momento. 10%
- Proba escrita (unha por avaliación parcial). Cada alumno/a realizará só as probas correspondentes ás avaliacións parciais que non teña superadas. O modelo de exame será o mesmo que nas avaliacións parciais. 90%

6.4.- PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

PLAN DE TRABAJO	CUESTIONES QUE SE VALORAN
Actividades individuais	<ul style="list-style-type: none"> ○ No caso da ESO, cualificarase unha batería de actividades individuais para cada avaliación que suporán o 30% da nota final.
Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> ○ Realizarase unha proba escrita por avaliacións, tanto para ESO como para Bacharelato. A tal efecto, repartirase a materia en tres bloques de temas que se lle entregarán ao alumnado. O tipo de exame será das mesmas características que os das avaliacións parciais. <ul style="list-style-type: none"> - No caso da ESO, a media das tres probas será o 70% da nota final. - No Bacharelato, a media das tres probas será o 100% da nota final. ○ Para o alumnado que non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais, haberá un exame final no mes de maio.

6.5.- AVALIACIÓN PARA ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA POR FALTAS DE ASISTENCIA

Cando un alumno/a acumule faltas de asistencia a clase de forma inxustificada e supere o límite establecido no RRI do Centro para a materia, non será suficiente a superación da proba escrita para que sexa avaliado positivamente na materia. O alumno/a deberá realizar todo o traballo atrasado a consecuencia da súa ausencia e entregalo ó profesor no prazo que este estableza. Ademais, a proba escrita que se lle propoña poderá ser diferente á do resto da clase, xa que no seu caso non puido ser cualificado de forma continua na aula. Do mesmo xeito os criterios de corrección non serán os mesmos xa que debe quedar garantido, baseándose unicamente nesa proba, que o alumno/a acadou os obxectivos mínimos da materia. As medidas anteriores serán aplicadas tan só ó alumnado que acumulou faltas de asistencia de forma inxustificada despois de ser advertidos os seus pais ou titores legais, en caso de minoría de idade do alumno/a, e o propio alumno nos demais casos.